



Ourense, dobre referente termal internacional coa celebración da 13ª Termatalia e do 2º Café de Europa

# Cando a riqueza está nas augas

FOTOS: CARLOS G. HERVELLA

ÁNGELES RODRÍGUEZ

O poder reparador das augas galegas é ben coñecido dende antigo. Ao seu redor xeráronse vilas e cidades, como é o caso de Ourense, na que se descubriron restos arqueolóxicos que revelan que a súa soleira termal se remonta, cando menos, a dous mil anos atrás. Pero o da cidade non é un caso illado. A provincia postúe unha singular riqueza termal que se redescubría por parte das élites entre finais do século XVIII e principios do XIX. E así foron xurdindo balnearios en Galicia e tamén en Ourense, como os do Carballiño e Partovia, o de Cortegada, Baños de Molgas, Verín ou o do Mondón (O Bolo), entre outros. A súa evolución e aproveitamento pasou por diversos avatares históricos, que levaron a desaparición dalgúns e aparición doutros ata configurar o que hoxe é a oferta termal galega na que se xungen os conceptos de saúde e turismo.

Un factor clave nese sentido foi a constitución en 1985 da Asociación Galega da Propiedade Balnearia, nun momento no que "os balnearios parecían pertencer a un tempo fuxido, lugares aos que a sociedade dera as costas por mor dos avances médicos e do empuxe do turismo de sol e praia", sinalan dende esta entidade. Ao longo dos seus 28 anos de traxectoria resaltan que cambiou moito a percepción social dos balnearios e do termalismo. Agora esta asociación representa a máis do 90% do sec-



Unha das instalacións termais da cidade de Ourense.

tor galego. Agrupa a 8 balnearios na provincia de Pontevedra, 6 en Ourense, 2 en Lugo e 2 na Coruña.

"Dende finais dos anos 80 a oferta termal galega evolucionou, adaptando a riqueza termal dunhas

plexos de saúde e benestar. Foi unha transformación baseada nos principios básicos comúns a todos os balnearios: augas minero-medicinais declaradas de utilidade pública, servizos médicos e instalacións axeitadas para levar a cabo os tratamentos que se prescriban", aseguran dende a Asociación Galega da Propiedade Balnearia.

Galicia lidera hoxe a oferta termal española cun 20% dos establecementos e prazas hoteleiras, seguida, a certa distancia, por Cataluña e Aragón. Conta con 21 balnearios con 150.000 usuarios ao ano, o que converte á comunidade

E nesa liña vén traballando dende hai máis dunha década Termatalia, a Feira Internacional de Turismo Termal, Talasoterapia e Spa, que congrega en cada edición ao sector termal ourensán, galego e doutros destinos españois e mundiais. É a única feira especializada que representa a ponte termal entre Europa e América Latina, "que reúne a profesionais de máis de 20 países e o único foro internacional que xunta a todos os axentes do sector. Trátase dun proxecto convertido nunha marca do termalismo e nun dos centros de negocios do sector a nivel mun-



José Ángel Vázquez Barquero, concelleiro de Termalismo de Ourense.

galega nun destino termal de referencia en España. Nese marco, Ourense é a segunda provincia galega con máis balnearios. Representa un 30% no conxunto dos establecementos balnearios galegos e un 20% das prazas hoteleiras directas. Ademais hai que ter en conta que boa parte deles están situados no ámbito rural, de aí o valor deste sector para a provincia. É ademais un sector cuxo potencial turístico aínda pode seguir desenvolvéndose.

dial", segundo os seus promotores.

O pasado ano Termatalia celebrábase por primeira vez fóra de Ourense e de España, en concreto en Perú, co obxectivo de reforzar a súa proxección internacional. Pero neste ano regresa a Ourense para desenvolver a súa 13ª edición do 20 ao 22 de setembro. Nela preténdese fomentar o intercambio de experiencias entre distintos continentes "desde un punto de vista empresarial, institucional e social, o que permitirá obter unha pers-

## ■ Provincia termal

Ourense é a segunda provincia galega, tras Pontevedra, en número de balnearios, pero é a terceira en número de prazas hoteleiras directas nesas balnearios.

## ■ Termatalia


Do 20 ao 22 de setembro Expourense acollerá esta feira internacional que prevé reunir a profesionais do sector do turismo de saúde e benestar dunha vintena de países.

## ■ Cafés de Europa

Tras Enghien-les Bains (Francia), Ourense acollerá o "2º Café de Europa", iniciativa do programa europeo SOURCE. Será o 19 de setembro no Liceo como antesala de Termatalia.

pectiva global do sector, impulsando o mercado estratéxico do turismo termal e de benestar en América Latina, ao tempo que se establecen vínculos científicos e comerciais entre o continente europeo e americano", adianta a organización.

Dentro das accións profesionais que se desenvolverán neste salón internacional figura a bolsa de contratación turística, coa participación de maioristas de viaxes procedentes de mercados de interese de Europa e América (como Brasil e Estados Unidos), Reino Unido ou Rusia, entre outros. Estes maioristas entrarán en contacto con hoteis, talasos e spas de toda España e Portugal, así como doutros destinos internacionais. A organización de Termatalia ten confirmada, polo de agora, a presenza de 32 touroperadores e traballa "para seguir pechando eventos e flecos pendentes". Terá lugar ase-



Antonio Garaloces, presidente da Asoc. Galega da Propiedade Balnearia.

**Antonio Garaloces, presidente da Asoc. Galega da Propiedade Balnearia**

## "O termalismo aínda ten potencial por desenvolver"

A.R.

Galicia lidera dende hai décadas o sector termal en España. Ademais nos últimos anos a oferta galega evolucionou "adaptando a calidade dunhas augas minerais con abundantes propiedades terapéuticas e dermoestéticas, e a milenaria tradición de tomar as augas, co complemento de novas técnicas para aproveitar estas calidades e de modernos tratamentos para converterse en complexos de saúde e benestar", destaca o presidente da Asociación Galega da Propiedade Balnearia, Antonio Garaloces. Ademais, os balnearios galegos loitan para capear á crise. "A forte dependencia do mercado nacional, que supón en torno a un 95% da demanda, fai que os balnearios estean a notala. E, se ben estase a percibir un descenso de en torno a un 10% nas porcentaxes de ocupacións e no gasto medio por

cliente, este descenso está a resultar menos acusado que noutros subsectores turísticos", matiza.

Garaloces incide na importancia do termalismo na provincia ourensá, pero tamén se amosa crítico con actuacións como a xestión que se realiza dende o Concello de Ourense no desenvolvemento do seu Plan Estratéxico Termal.

**¿Cales son os puntos fortes do sector en Galicia fronte a outras ofertas termais españolas ou internacionais? ¿e as debilidades?**

Os puntos fortes, ao meu entender, son a gran riqueza en augas minerais coa que Galicia conta, a calidade das instalacións, a cualificación do persoal que as atende e a normativa sectorial vixente. Esta normativa sectorial, ao dar garantías xurídicas aos inversores e confianza aos usuarios, propiciou que Galicia entrara nun proceso de renovación e ampliación das súas instalacións termais e que puideran desenvolverse novas liñas de negocio, coa

introdución das novas tecnoloxías e de técnicas termais actualizadas, para satisfacer unha demanda cada vez máis esixente e complexa. En canto ás debilidades, a principal é que, tal e como ten manifestado con gran claridade o Dr. Rodríguez Míguez en diversas ocasións; Galicia conta cunha grande tradición termal mais carece de cultura termal. Isto é unha gran eiva, non só para o sector senón tamén para o país, xa que está a dar lugar á minusvalorización e desprestixio das augas mineiro-medicinais e dos balnearios. Así, en lugar de potenciar o seu emprego para o tratamento de doenzas crónicas vencelladas ao aparato locomotor, ou de carácter respiratorio, dermatolóxico ou dixestivo, co consiguiente aforro sanitario; estase a promover por distintos concellos, con cartos públicos, a creación de infraestruturas que dinse termais mais empregan as augas mineiro-medicinais sen as cautelas que esixe a normativa e con grave risco sanitario para determinados segmentos da poboación (mulleres embarazadas, persoas con problemas de corazón, persoas con pernas varicosas, etc.).

**¿Que representa o termalismo de Ourense no conxunto galego en canto a oferta e en canto a dinámica económica?**

Supón entornao 30% dos establecementos balnearios e o 20% das prazas hoteleiras directas. Isto significa que a provincia de Ourense ocupa en Galicia o segundo lugar, detrás da de Pontevedra, en canto a número de balnearios; mais é a terceira, resultando superada tamén pola de Lugo, en prazas hoteleiras directas dos balnearios. En canto á dinámica económica, o termalismo ourensán está a perder a posibilidade de converterse nun motor da economía ourensá, ao apostarse dende distintos concellos por un modelo, cal é o das pozas de estilo xaponés, que desprestixia o recurso e apenas xera valor engadido. Coido que se os cartos destinados a estas pozas tiveran sido empregados en facer un ou dous balnearios en Ourense capital, sen dúbida que esta cidade faríase merecedora dunha capitalidade termal de Galicia que ata agora non foi quen de xustificar.

**¿Que lugar ocupa o termalismo como sector e como recurso na Galicia interior?**

As actividades termais teñen unha consideración estratéxica en Galicia polo seu carácter diferenciador e a súa vinculación ao territorio no que se atopa o recurso auga mineral, así como pola súa grande influencia non só sobre as actividades

empresariais vencelladas ao turismo (hostalería, restauración, axencias de viaxe, oferta complementaria...), senón tamén sobre o conxunto do sistema empresarial galego polo seu indiscutible efecto multiplicador. Neste senso, coido que como industria posibilitadora do desenvolvemento sostible da Galicia interior, o termalismo aínda non desenvolveu todo o seu potencial. Para iso cumpriría unha maior colaboración e xenerosidade á hora de desenvolver proxectos, tanto por parte das empresas do sector como das distintas administracións públicas.

**¿Por onde pasa o futuro do sector termal galego?**

A curto prazo pasa polo termalismo terapéutico, é dicir, por poñer en valor o uso das augas minerais como hábito saudable para mellorar a calidade de vida das persoas a través de tratamentos respiratorios, dixestivos, dermatolóxicos e para o aparato locomotor. Neste senso, sería moí importante que o programa de termalismo social da Xunta de Galicia recuperara a importancia que tivo ata fai pouco. Isto non só sería beneficioso para os balnearios e para os beneficiarios do programa, senón tamén para a propia Xunta, xa que hai estudos que demostran que por cada euro público investido nos programas de termalismo social, a Administración recupera 1,60 euros. E a longo prazo o futuro pasa por aproveitar a entrada en vigor da *Directiva europea de asistencia sanitaria transfronteiriça*, que regula o reembolso dos gastos ocasionados ao recibir tratamento noutro Estado membro. Supón unha oportunidade, xa que en moitos países da Unión Europea (como Alemaña, Francia ou Italia) os tratamentos en balnearios están incluídos dentro das prestacións da Seguridade Social. Pero para poder atraer a termalistas destes países cómpre realizar máis investigación en materia de hidroloxía médica e lograr que os tratamentos en balnearios entren na carteira de servizos complementarios da Administración Sanitaria. A maioría da clientela dos balnearios galegos procede de Galicia e das comunidades máis próximas (Asturias, Castela e León, e Madrid) e usa fundamentalmente o coche como medio de desprazamento. Isto significa que apenas temos usuarios de lugares dende onde se tarda máis de 4 horas en chegar a Galicia. Coido que poderíamos ter clientela doutras comunidades autónomas se Galicia tivera conexións aéreas estables con elas ou conexións ferroviarias axeitadas dende Madrid e Barcelona.

Feria Internacional del Turismo Termal  
20 al 22 de septiembre de 2013  
Ourense - Galicia - España

Entra en  
[www.termatalia.com](http://www.termatalia.com)  
y configura tu  
Agenda On-line

Organiza:  
Expourense

Patrocina:  
XUNTA DE GALICIA  
galicia  
el buen camino

ICAPE  
CONSEJO DE OURENSE

Continúa na páxina seguinte



## En Portada

Vén da páxina anterior

made un Foro de inversores no que, tanto Ourense, como os outros destinos termais presentes na feira, poderán presentarlles aos profesionais europeos e latinoamericanos os proxectos de desenvolvemento termal que teñan en marcha.

Ademais Termatalia será escenario de diversas accións profesionais, entre as que sobresa o 8º Encontro Internacional sobre Auga e Termalismo, que congregará a expertos internacionais de diversos países que abordarán o turismo de saúde dende unha perspectiva multidisciplinar. Está estruturado en tres xornadas temáticas, a primeira das cales será o Encontro Internacional de Cidades Termais o día 19 de setembro. O seu programa inclúe intervencións como a presentación dos novos proxectos do Concello de Ourense (que correrá a cargo do edil de Termalismo, José Ángel Vázquez Barquero), ponencias sobre as estratexias de diferenciación das cidades termais de Europa ou mesas redondas sobre a estratexia de desenvolvemento das vilas termais de España, entre outras. O 20 de setembro terá lugar a segunda xornada temática, adicada a turismo innovación e sostibilidade, e o día 21 haberá unha sesión científica sobre hidroloxía médica, hidroxeoloxía, auga e saúde.

Por outra banda, Termatalia tocará tamén o eido da formación con cursos de hidrosuñiller (primeiro e segundo nivel), actividades de coñiña e de coctelería da auga e desenvolverase unha nova edición da Cata Internacional de Augas. Ao mesmo tempo incidirase na promoción da “cultura da auga” entre o público xeral, destinatario final do produto “turismo de saúde”. E, nese senso, o salón disporá de tres eixos centrais: a recreación dun centro termal e dos servizos e produtos que ofrecen, o bar de augas (cos diferentes tipos de augas envasadas existentes no mercado internacional) e a área de masaxes e relax. Ademais, unha das novidades desta edición será o espazo destinado á cosmética e estética termal, “un sector en auxe que conta cada vez con maior demanda e no que os distintos centros termais están invertindo en investigación e promoción”, din dende Expourense.

E como antesala da 13ª edición de Termatalia, a capital da provincia acollerá na tarde do 19 de setembro o “2º Café de Europa”, dentro do programa europeo SOURCE. Trátase dunha iniciativa que engloba a todas as cidades membros da Asociación Europea de Cidades Histórico Termais (EHTTA), na que


Ourense é a única española.

Este proxecto de cooperación transnacional pretende recrear a efervescencia creativa e a conversa daqueles “Cafés de Europa” (nome co que foi bautizada a cidade belga Spa, no século XVIII, cando os intelectuais europeos discutían, entre as augas, os asuntos de actualidade),

Peregrinacións, Espiritualidade”.

“A ningún se lle escapa que Ourense nace en torno ao termalismo, que é un centro de peregrinación prerromana pola existencia de augas termais”, destacaba o concelleiro desta área, José Ángel Vázquez Barquero, na presentación do proxecto o pasado 19 de abril, con motivo da

Unha usuaria, nun dos balnearios da provincia de Ourense.



FOTOS: CARLOS G. HERVELLA



Mesas da área de centro de negocios e bolsa de contratación da edición do 2011 de Termatalia.

pero trasladándoa agora á época das novas tecnoloxías da información.

O primeiro destes “cafés” tiña lugar en Enghien-les Bains (Francia) o 14 de xuño, cunha serie de conferencias en torno aos modos nos que as novas tecnoloxías e a creación e arte dixital poden contribuír ao desenvolvemento turístico e á divulgación e posta en valor do patrimonio cultural europeo. O programa continuará o 19 de setembro en Ourense no Liceo coa temática “Augas,

visita a Ourense de Michael Thomas Pennette, delegado xeral da EHTTA.

A primeira sesión será ás catro da tarde e titularase “Os cultos da auga no mundo antigo”. Estará estruturada en dúas partes: “Divinidades das augas na Hispania Romana e Prerromana” e “Estudo, conservación e recuperación de termas históricas”. Contará coa presenza de diversos expertos e será introducida e moderada por José María Eguileta

Franco, arqueólogo do Concello de Ourense. Nesta sesión sen dúbida se analizará un dos achádegos máis destacados da historia recente da cidade: a piscina santuario do s. I d.C. aparecida nas escavacións da traseira das Burgas, na Casa dos Fornos. Estes restos revelan novos datos sobre o pasado termal de Ou-

rense, que en época romana podería ser un centro de peregrinación cara o santuario do deus *Reve Anabaraego*, ao que se lle atribuíu o poder curativo das augas termais. A segunda sesión afondará no tema “Termas e peregrinacións: dende a Idade Media aos nosos días”, con referencias aos Camiños de Santiago e á Vía Francígena. Será introducida e moderada por José Luis Rodríguez Cid, presidente da Asociación de Amigos da Vía da Prata de Ourense. O terceiro bloque temático deste “Café de Europa” centrarase no “Termalismo para o século XXI: novas formas de diálogo e benestar”. Nel Teresa Pacheco, presidenta da Asociación Iberoamericana de Termalismo e Benestar, actuará como introductora e moderadora.

Os “Cafés de Europa” constitúen a primeira etapa do proxecto SOURCE que prevé proseguir con outras dúas fases. Na segunda, “Fontes de inspiración e creación”, as cidades porán en común as actividades e festividades que potencien o turismo; mentres que na terceira, “Centro de recursos Europeo sobre o patrimonio termal”, porase á disposición dos cidadáns un amplo fondo de documentación e consulta (en soporte dixital e físico) para achegarlles o mundo termal.